

A DEFORESTACIÓN

Un bosque non é un conxunto de árbores. É moito máis! É un ecosistema formado pola evolución, ao longo de milleiros de anos, de árbores, plantas leñosas, plantas herbáceas e animais. Polo tanto, coa deforestación, ademais de perder unha gran fonte de recursos, como madeira, froitos, animais (caza) ou cogomelos, perdemos unha gran biodiversidade. Á parte, os bosques purifican o aire que respiramos, regulan o carbono e o clima, depuran a auga, e serven como sistemas defensivos contra catástrofes naturais, como furacáns ou maremotos (as consecuencias do furacán de Haití do mes de outubro de 2016, non serían tan terribles se a illa mantivese o seu bosque orixinal). Por iso a deforestación ten consecuencias moi graves nas nosas vidas. Incluso ocasiona conflitos sociais, xa que moitas poboacións, ante a falta de auga e pasto para o gando, perden o seu modo de vida e teñen que emigrar. Unha mala política forestal a mediados do século XX, provocou unha emigración masiva cara á América do sur de parte da poboación galega.

POR QUE SE PRODUCE A DEFORESTACIÓN?

Ao longo da historia do planeta producíronse numerosas deforestacións. Unhas provocadas polos cambios climáticos, como as glaciacións, e outras provocadas pola acción do ser humano. Co aumento da poboación mundial incrementouse a necesidade de obter produtos derivados dos bosques, como a madeira ou os froitos (multiplicouse por seis o seu consumo dende 1950) e á par aumentaron os terreos urbanizados, os incendios provocados para rexenerar o pasto do gando (normalmente producíanse cada 6 anos, impedindo o crecemento do bosque) e as plantacións agrícolas (a agricultura tradicional é unha das maiores causantes da deforestación ao longo da historia do ser humano). Estas son as causas principais que ocasionan a perda de bosque. En Galicia, a última gran deforestación, provocada polo aumento de poboación, produciuse entre mediados do século XVIII e principios do XIX.

Xornal O Papagaio / Ecoloxía
Xaneiro 2017